

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 651/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

DECRETO DE ALCALDÍA

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.-Visto a ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

2.- Visto que con data 26 de febreiro de 2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade autoriza a contratación anticipada de 4 persoas desempregadas para a realización da obra ou servizo denominado "MEMORIA APROL RURAL CONTRATACIÓN MEDIO AMBIENTE" ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024.

3.- Vistos os criterios de selección, que obran no expediente 651/2024, para presentar ante o Servizo Público de Emprego, para o proceso selectivo Aprol Rural, medida de fomento de emprego da Consellería de Emprego e Igualdade, para a contratación de catro peóns de medio ambiente.

4.- Visto o informe xurídico de data 26 de abril de 2024.

5.- Visto informe da Interventora Municipal de data 09 de febreiro de 2024.

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na miña condición de alcaldesa, RESOLVO:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar os criterios de selección, que obran no expediente núm. 651/2024, relativos ao proceso de selección de catro (4) peóns de medio ambiente, mediante un contrato de traballo temporal, por un período de 9 meses, coas cláusulas específicas de traballo de interese social (fomento de Emprego), ao abeiro da ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), que constan no expediente 651/2024 e a continuación se insiren:

"Os/as candidatos/as remitidos/as polo Servizo Público de Emprego para a selección de 04 Peóns Medio Ambiente, CNO: 95121019, efectuada en base a orde de 26 de decembro do 2023 (D.O.G 24 /01/2024) cuxo obxectivo é facilitar a mellora da empregabilidade da poboación desempregada a través da adquisición de experiencia profesional naquelas áreas rurais e con menos oportunidades

MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ (1 para 2)
Alcalde
Data: 26/04/2024
Firma: 9c25ee233c3c44493e4e5f5c3d2e0ffe
HASH: 9c25ee233c3c44493e4e5f5c3d2e0ffe



Sello de Órgano de Secretaría (2 para 2)
Concello de Ponteareas
Data: 26/04/2024
Firma: 33118836308173a0a982be3e9e88723e7
HASH: 33118836308173a0a982be3e9e88723e7



DECRETO
Número: 2024-1465 Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 9SAAF11MMAT4H43FXAS4R23L
Corrección: https://monteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 8



laborais que perden veciñanza ano tras ano. A Axenda 20 para o emprego contén, entre as medidas en materia de emprego de calidade, as dirixidas á contratación de determinados colectivos a través do programa Aprol, deberán aportar COPIA da documentación relativa aos requisitos expostos neste escrito, así como toda aquela que consideren necesaria, co fin de poder valorar os méritos que aleguen.

1.-OBXECTIVO DO PROCESO SELECTIVO

Este proceso selectivo, ten o obxectivo da confección das listas de contratación necesarias, para no caso de que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través do programa Aprol, conceda a subvención solicitada por este Concello, poder proceder a contratación dos aspirantes seleccionados do xeito máis inmediato posible.

As contratacións que se poidan derivar do presente proceso, se formalizarán exclusivamente se a Consellería de Emprego concede a subvención solicitada, e o presente proceso non se poderá utilizar para calquera outro tipo de contratación que o derivado de dita subvención.

De non concederse finalmente a subvención solicitada, non se derivará ningunha contratación do presente proceso selectivo.

2.REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES

1.-

- 1. Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.*
- 2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.*
- 3. Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.*
- 4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.*
- 5. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.*

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 95AAFTTMMAT43FXAS4R23L
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



6. *Estar inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante non ocupado. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.*

7. *Non ter traballado un período igual ou superior a 9 meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*

2.- *Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice o nomeamento ou a contratación.*

3.-PUBLICIDADE

Os efectos de maior publicidade, os presentes criterios serán publicados no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteareas, e na páxina web www.ponteareas.gal

4.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

Establécese o sistema de concurso – oposición. Todas as probas de este proceso, proba práctica e entrevista, faranse no mesmo día, salvo que o tribunal non o considere axeitado por temas organizativos das probas.

Fase 1: Oposición proba práctica

Proba práctica será obrigatoria e eliminatoria previa a fase do concurso, e valorarase ata un máximo de 5 puntos debendo obter polo menos 1,5 puntos para superala.

Consistirá na posta en marcha de unha desbrozadora, así como a utilización da mesma, incluíndo a posibilidade do mantemento necesario para o seu funcionamento como o recheo de combustible ou cambio de fío.

Esta proba será valorada polo Tribunal entre 0 e 5 puntos, os/as membros do Tribunal valorarán a calidade, rapidez e limpeza na execución do traballo, a destreza e coidado no manexo da maquinaria, ademais doutros elementos técnicos que poidan xurdir durante a proba.

As persoas que non superen esta proba, non pasarán ás seguintes fases deste proceso de selección

Fase 2: Concurso de méritos

Os méritos acreditaranse mediante presentación de fotocopias na data da convocatoria para a primeira proba, e se non se presentara fotocopia do mérito que se desexa alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación.

O cómputo total de puntos que se poden acadar é de 3,5 puntos, en ningún caso se pode acadar máis desta cantidade.

1.- FASE DE CONCURSO: valoraranse os seguintes méritos:

Formación: A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado é de 3,5 puntos.

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 9SAAF111MMAT4H43FXAS4R23L
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 150 horas: 1 puntos.

Fase 3: Entrevista

Valorarase de 0 a 1,5 puntos

O Tribunal dirixirá ás persoas aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade do/a candidato/a ao posto de traballo.

Desempate final.

Terán preferencia en caso de empate os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Orde de 26/12/2023, de acordo co seguinte orde:

- a. Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.*
- b. Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do 1º emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- c. Persoas paradas de longa duración*
- d. Persoas con discapacidade.*
- e. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.*
- f. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- g. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios/as da renda de integración social de Galicia.*
- h. As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a



cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

De existir empate entre as puntuacións dos candidatos, este resolverase a favor de aquel que teña a primeira maior puntuación seguindo a orde de puntuación do baremo, incluíndo a entrevista. Se este continuase desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública de 31/01/2024 pola que se fai público para o ano 2024 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 09/02/2024), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "H".

5.- DOCUMENTACIÓN PREVIA Á CONTRATACIÓN

Concluído o proceso selectivo os aspirantes propostos para a contratación, nun número que non poderá exceder en ningún caso o das prazas convocadas, formalizarán os contratos correspondentes, unha vez xustifiquen documentalmete o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases.

Os aspirantes propostos presentarán no Departamento de RRHH do Concello, no prazo de 2 días hábiles dende a publicación da lista final de puntuacións, os documentos orixinais acreditativos conforme reúnen os requisitos esixidos na base primeira da convocatoria, e a documentación orixinal das fotocopias aportadas que se tiveron en conta tanto para a acreditación dos requisitos mínimos como para a valoración dos méritos na fase de concurso.

Se dentro do prazo indicado e salvo circunstancias de forza maior, algún/ha aspirante dos/as propostos/as non presentara toda a documentación ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos aportados segundo as bases 1ª e 3ª, non poderá ser nomeado e quedarán anuladas as actuacións correspondentes, sen prexuízo das responsabilidades a que dera lugar. Neste caso, formularase nova proposta de nomeamento a favor do/a primeiro/a aspirante que estea pendente de chamar na listaxe de reserva da súa categoría.

6.- CONTRATACIÓN

A contratación do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado /a para desempeñar un posto de traballo con contrato laboral de carácter temporal realizarse mediante resolución da Alcaldía, formalizándose no contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social co código 405, o tratarse de contratación a tempo completo,

7.- CESAMENTO

As persoas aspirantes contratadas en réxime laboral cesarán ao finalizar o seu contrato.

8.- TRIBUNAL

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución de Alcaldía, segundo o disposto no art. 60 do TREBEP, art. 59 da LEOG, e no art. 4 R.D 896/1991, de 7 de xullo, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustar o procedemento de selección de traballadores/as da Administración Local.

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 9SAAF11MMWAT43FXAS4R23L
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros terán voz e voto.

Os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo ou escola para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual o superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta representación por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos últimos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas con voz e sen voto, que deberán ser nomeados previamente polo mesmo órgano que nomeou o tribunal, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. Por resolución do/a Alcalde/sa – Presidente/a realizarase os nomeamentos dos membros titulares e suplentes do tribunal cualificador, resolución que se publicará no taboleiro electrónico da Corporación, así como na páxina web www.ponteareas.gal

6. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao/á Sr/a. Presidente/a do mesmo cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

8. O tribunal cualificado deberá constituírse na data que designe o/a presidente/a para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros da cada tribunal, titulares ou suplentes, e en todo caso o Presidente/a e Secretario/a ou os seus suplentes.

Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 9SAAFTTMMAT43FXAS4R23L
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



9. A partir da sesión de constitución do tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar ou vogal designado en primeira orde, e así sucesivamente co resto dos vogais.

11. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

12. Ao tribunal corresponderalle o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, supletoriamente será de aplicación as normas recollidas na Lei 40/2015 para os órganos colexiados. As comunicacións que formulen os aspirantes ao tribunal dirixiranse a seu presidente/a e serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

13. A presidencia do tribunal coordinará e realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates co seu voto de calidade. Os acordos do tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Alcaldesa nos termos recollidos para este tipo de reclamación na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14. O tribunal poderá contar ademais coa asistencia de persoal colaborador na vixilancia das probas de selección nas que polo número de aspirantes convocados, requírase persoal de apoio.

9.- RÉXIME XURÍDICO

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses.

Contra a resolución do Alcalde - Presidente, aprobatoria da listaxe definitiva, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 a 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Contra o acordo do tribunal da listaxe definitiva de puntuacións que dea remate ao proceso selectivo, poderase interpor recurso de alzada ante o Sra. Alcaldesa no prazo dun mes, a partir do seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas.

Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa ou indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento do proceso selectivo.

Contra actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 95AAFTTMMAT4H3FXAS4R23L
Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso de amparo da lexislación vixente.

10.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases vinculan ao Concello de Ponteareas, aos tribunais cualificadores e ás persoas aspirantes.”

Segundo.- Presentar ante o Servizo Público de Emprego oferta para a selección de catro prazas de peóns de medio ambiente (CNO: 95121019), indicando que de non concederse finalmente a subvención solicitada, non se derivará ningunha contratación do presente proceso selectivo.

Terceiro.- Dar conta desta Resolución os departamentos de Intervención, e Recursos Humanos.

Cuarto.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39 /2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa. Non obstante, tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

Ponteareas, documento asinado electronicamente.

A Alcaldesa

M^a Nava Castro Domínguez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2024-1465
Data: 26/04/2024

Cod. Validación: 9SAAF11MMAT43FXAS4R23L
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

